



XORNADA DE ENCONTROS ENTRE COOPERATIVAS

O concello de Culleredo acolle o vindeiro xoves 16 de abril a **I xornada de "Coop é activas, procesos de autodesenvolvemento cooperativo"**, actividade de difusión do traballo cooperativo organizada polo Concello de Culleredo, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e a ONG Arquitectura Sen Fronteiras.

Neste encontro participarán dúas cooperativas promovidas por Arquitectura Sen Fronteiras: o proxecto de autoemprego de reciclaxe de aceite de **"Mulleres Colleiteiras"**, e a cooperativa guatemalteca **"B'eljuj Q'anil"**; así como a cooperativa local **"INDA iniciativas"** adicada ó desenvolvemento económico, social e cultural.

As tres cooperativas darán a coñecer o seu traballo e as súas iniciativas, rematando cun debate aberto onde intercambiarán experiencias e profundizarán nos procesos de autodesenvolvemento comunitario a través do traballo cooperativo, tanto en contextos internacionais como locais.

A xornada terá lugar o vindeiro xoves 16 de abril de 2015 ás 18:00 no Pazo de Melania de Vilaboa, en Culleredo, con entrada libre ó público ata completar aforo.